



P.D.I. PURO TEATRO

CEIP AS COVAS MEAÑO




O CEIP As Covas Meaño

Ubicado nun entorno rural.
130 alumn@s de Infantil e Primaria.

Claustro, equipo directivo, orientación, equipo de biblioteca con estabilidade.

PEC que camiña cara a transformación.
Escola en tránsito.

Biblioteca escolar que forma parte do Plan LIA 2.



Mellorar e fomentar a expresividade, desinhibición, interpretación. Valorar e disfrutar da expresión teatral.

Estimular a adquisición de competencias clave por parte do alumnado.

Fomentar o traballo por proxectos en todas as aulas.

Fomentar o uso da biblioteca escolar como fonte de recursos e información

OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO PDI "Puro teatro"

Ter un proxecto común de cole. Queremos ilusionarnos e emocionarnos xuntos.

Facer participe a toda a comunidade educativa. Mostrar ás familias as novas metodoloxías ofrecendo resultados.

Como nos organizamos?

1º trimestre:

Curiosidade e
motivación.



2º trimestre:

Elaboración de
proyectos nas aulas.


3º trimestre:

Produto final:
“Visita das familias”





1º trimestre
Curiosidade e motivación



Andel de bibliografía de teatro e título do proxecto coincidindo co día de apertura da biblioteca.



Caixa sorpresa de Coviña nas aulas. Libro sobre teatro e cartas de Coviña para a clase e para as familias no seu interior.



Propostas de colaboración ás familias:
Fotos con expresión de medo, disfrutamos
do teatro en familia polo Nadal...

Estimadas familias!

Despois da estupenda participación coas fotos de medo pasado, anímome a solicitar novamente a vosa colaboración para estas datas de Nadal.


Xa que este curso estamos co "Puro teatro", alí orateatrais, representacións de títeres, teatro de rúa... ací fillo/as. Sería marabilloso que conseguirades fotografar o disfrute do teatro en familia, ou conseguirades autógrafos, actrices... Todo o que traiaades á vol' exposto durante todo o curso nun panel do c' quedará nas memorias dos nosos/as pequenos

Aproveito para desexar un feliz Nadal escola e un próspero ano 2019. Non posibilidade de agasallos para estas datas. lectoras propostas sexan do voso agrad

Unha vez máis, moi agradecida

MEDO PASAMO





Exposicións orais nas titorías
sobre actrices, actores e
escritor@s teatrais.



Saídas ao teatro e tarefas en aula relacionadas coas mesmas.



Tarefas curriculares en aula relacionadas co teatro (lingüísticas, matemáticas, de filosofía a través de representación de roles, artísticas...)

2º trimestre: Elaboración dos proxectos nas aulas



NOS CONTAMOS CONTOS



TEATRO



Cada curso, en colaboración co equipo de Dinamización lingüística, elaboramos un calendario de escola sobre o tema do PDI. Cada clase realiza unha foto e busca unha frase.



Traballamos o teatro nos distintos contextos educativos de aprendizaxe: lingüístico, matemático, natural e social.





DÍA DA PAZ:
Representacións teatrais con mensaxe.



Entroido de teatro:
Elaboración de disfraces en relación co proxecto escollido por cada aula.



DÍA MUNDIAL DO TEATRO:

Manifestación a favor do teatro e interpretacións polo Concello (Centro de día, bares, Concello, librería...) das obras ensaiadas nos contextos educativos.




A nosa familia quere viaxar a Madrid durante o entroido. Durante a viaxe quere asistir á obra "El Rey León". Sabemos que sae máis barato asistir de martes a xoves que no fin de semana, polo que assistiremos un martes.

Somos catro membros na familia e queremos estar nas butacas de ouro. Temos uns vales de desconto do 20% (para todos).

PREGUNTA 1.- En que teatro se representará a obra?

PREGUNTA 2.- Que día e a que hora assistiremos?

PREGUNTA 3.- Canto teremos que pagar polas entradas?



Olimpiada do saber sobre teatro.

Concurso voluntario de preguntas por equipos para fomentar a busca de información.



Elaboración dos proxectos de investigación nas aulas.

Que sabemos?

Que queremos saber?

Que queremos facer?

Onde buscamos?

Como nos organizamos?

Que aprendemos?

SABEMOS?

- 1- Paula Carballera e Galega
- 2- Teatro negro = figuras coas mans
- 3- Paula Carballera é unha actriz
- 4- Teatro negro necesitamos lixe negra
- 5- Para teatro negro necesitamos mayra negra e guantes brancos
- 6- Paula Carballera é unha contacantos
- 7- O teatro de praga e moi fero (teatro negro)
- 8- Paula Carballera é unha super
- 9- Temos moitos libros de Paula Car
- 10- Paula Carballera



Buscamos
respostas ás nosas
preguntas



QUE QUEREMOS SABER?

- 1- Como foi a infancia de Paula Carballera?
- 2- Por que decidiu ser contacantos? Con quantas anos o decidiu?
- 3- Compañías de teatro de Paula?
- 4- Libros publicados de Paula Carballera?
- 5- Obras de teatro de Paula Carballera, como actriz e como directora.
- 6- Cantas persoas necesita Paula Carballera para escribir un libro?
- 7- Historia do teatro negro
- 8- Canto tempo leva preparar un teatro negro?
- 9-



FACEMOS: Creamos escenarios, monicreques, inventamos obras teatrais relacionadas co proxecto, etc.



Nesta ocasión contamos coa colaboración das familias e fixemos con elas monicreques e cabezudos.






Visita dunha experta no tema do PDI para guiar no proceso a toda a escola:

Nesta ocasión foi Paula Carballeira.

1ª visita: No comezo. Para axudar a decidir resultado final do proxecto e buscar o enfoque correcto do mesmo.

2ª visita: Cando as obras estaban ensaiadas. Para guiar na interpretación e posta en escena das diferentes obras teatrais.

3ª visita: O día antes da presentación do proxecto ás familias.





Visitas de expertos para proxectos concretos.
Cali veu a 1º para facer un taller de cabezudos.

Sabela Fernández visitou 2º porque era a autora da obra traballada que ían representar.



**3º trimestre:
Exposición dos
proxectos e visita
das familias.**





Exposición de todos os proxectos cos estándares de aprendizaxe traballados.

Preparación da exposición oral e representacións teatrais por parte de cada grupo.



Organización das tarefas e salas PDI:

“PURO TEATRO”



CEIP AS COVAS-MEAÑO

14/06/2019

TAREFAS A REALIZAR PARA O 3 DE XUÑO

CARTEL PUBLICITARIO:

Deseño e realización dun cartel publicitario da visita coidando a imaxe corporativa.

PARTICIPA

Os datos que teñen que aparecer son:

- Data: Venres 14 de xuño.
- Lema: “Puro teatro”
- Hora: 10:00 h.

ANUNCIOS RADIOFÓNICOS:

Elaboración dunha cuña publicitaria para as entradas e saídas no colexio.

PARTICIPA

Débese redactar un texto breve, buscar unha música e gravar as voces.

INVITACIÓNS:

Deseño e elaboración dunha invitación ás familias.

PARTICIPA

Debe ter un lugar para recortar e que cada familia apunte o número de persoas que acudirán ao evento.

TAREFAS A REALIZAR PARA O 3 DE XUÑO

PARTICIPA

ANUNCIOS EN VÍDEO:

Guión, deseño e elaboración dun ou varios vídeos promocionais da visita a “Puro teatro”.

IMAXE CORPORATIVA:

Para que todas as tarefas publicitarias teñan unha relación e unidade, pedirase que se utilice na maior medida do posible:

- Cores: Negro, laranxa, violeta e rosa.
- Imaxes: Coviña sempre presente e algunha imaxe de teatro.
- Lema: “Puro teatro”
- Fontes: Arial, Rockwell e **Broadway**

O LUNS 27 DE MAIO COMEZARASE A PEGADA DE CARTEIS , ANUNCIOS E REPARTO DE INVITACIÓNS.

Organización das tarefas publicitarias e loxísticas para a exposición final.
Cada clase apúntase a aquelas tarefas que queira realizar.
O clase de 6º é a que guía ás familias pola exposición.

TAREFAS A REALIZAR PARA O 14 DE XUÑO

TRÍPTICO DE VISITA O PURO TEATRO:
 - Tríptico explicativo de cada sala. Incluiranse fotos e un breve resumo do que se vai expoñer en cada sala da exposición. Portada co lema. Coidar a imaxe corporativa.

PARTICIPA

PLANO DE PURO TEATRO:
 Deseño e realización dun plano coa ubicación salas e espazos comúns das salas.

PARTICIPA

ENTRADAS:
 Deseño e realización de entradas para entregar na taquilla. Formato entrada de teatro, Poden levar algún código QR dalgún vídeo...
 Fotocopiar en cartolinas cambiando de cor cada 50 entradas (para facilitar a organización dos grupos).

PARTICIPA:

CARTEIS INFORMATIVOS:
 Deseño e elaboración de carteis cos nomes das salas, cartel de entrada, información, taquilla,...

PARTICIPA:

TAREFAS A REALIZAR PARA O 14 DE XUÑO

SINAIS:
 Elaboración de sinais informativas do tipo: "Silencio, Pódense sacar fotos, Disfruten da visita, Non tocar"...

PARTICIPA:

MÚSICA E MENSAXES RADIOFÓNICOS PARA ESE DÍA:
 "Esperemos que estean disfrutando da visita. Recordamos que...", "O espectáculo Puro teatro abrirá ás prtas ás 10...", etc.

PARTICIPA:

GUÍAS E OFICIOS:
 Elaboración do guión. Ensaio da expresión oral e da ruta dos guías. Acreditacións co nome colgado e o cargo. Reparto de roles. Atuendos.

PARTICIPA:
6º

TAREFAS A REALIZAR PARA O 14 DE XUÑO

Embelecer corredores e espazos comúns

PARTICIPA:
TODO O COLEXIO

Cartel para a entrada co nome "Puro teatro"

PARTICIPA:

Café, biscoitos, pastas e cafetería para ese día.

PARTICIPA:

Posto de información

PARTICIPA

CARTEIS DE FALTA 1 MINUTO E DE REMATOU O TEMPO para que leven os guías no momento das exposicións.

PARTICIPA:

Cada clase prepara o seu guión de exposición e o ensaia. Tamén decora a súa sala.
 (Non superior a 8 minutos)

PARTICIPA:
TODOS

TAREFAS A REALIZAR PARA O 14 DE XUÑO

Carteis publicitarios co nome das salas de teatro para colocar nos corredores.

PARTICIPA:

PARTICIPA:

PARTICIPA:

PARTICIPA:

Tamara Chuvarovsky (3 anos)

Mimo (4 anos)

Os oficios no teatro (5 anos)

Títeres do mundo (1º)


Teatro de sombras (2º)

Musicais e circo (3º)

Historia do teatro (4º)

Paula Carballeira en teatro negro (5º)

Shakespeare (6º)



Durante este trimestre hubo numerosas performances preparadas “en secreto” polo profesorado especialista.





No festival de fin de curso tamén nos vimos sorprendidos polas performances e obras de teatro preparadas polas familias.

Competencias clave que traballou o alumnado durante o proceso do PDI

No desenvolvemento do PDI estiveron integradas todas as competencias clave nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenrolando. A metodoloxía foi inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. En todo o proceso intentouse que as tarefas e actividades planeadas estiveran relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real (os roles, elaboración de carteis, invitacións, exposicións orais, organización e publicidade da visita das familias son un bo exemplo).

- Comunicación Lingüística (CCL): fomentouse a mellora da expresión oral a través das exposicións dos diferentes proxectos, comprensión lectora mediante a busca de información para os proxectos , expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, escrita de obras de teatro, e comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as. Durante o curso tamén se realizaron actividades de teatro radiofónico, expresión oral sobre actrices e escritores/as de teatro, adaptacións de narrativa a teatro, representacións de situacións cotiás de conflitos nas clases de filosofía, lectura de teatro, expresión escrita a través da elaboración de carteis, trípticos, anuncios de televisión e radio, invitacións para a visita das familias, etc.

Competencias clave que traballou o alumnado durante o proceso do PDI

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT): Realizáronse medicións e proporcións para poder realizar escenarios, vestiarios e monicreques. Traballo con robótica no caso da obra interpretada por escornabots. Fomentáronse procesos de planificación, realización e comunicación de resultados das investigacións realizadas
- Competencia dixital (CD): utilizáronse TICs para a busca de información, seleccionando as fontes fiables para a posterior síntese e aportación aos proxectos. Tamén fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación de carteis (cunha imaxe corporativa), presentacións en pantalla das exposicións orais, invitacións, teatro radiofónico, elaboración de anuncios de radio e vídeo, entradas, etc.

Competencias clave que traballou o alumnado durante o proceso do PDI

- **Aprender a aprender (CAA):** a aprendizaxe por proxectos estimula esta competencia dende o momento no que se fai reflexionar sobre o que se sabe, o que se quere saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, estratexias de planificación, estratexias de avaliación do resultado e do proceso levado a cabo... E sobre todo fomenta que o alumno/a se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** O alumnado tivo unha participación de forma activa e construtiva na comunidade educativa e na sociedade. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas e participar de maneira activa, participativa e democrática na vida social. Este proxecto saeu da escola: actuamos no Concello, no centro de saúde, no Centro de día, na librería máis próxima á escola, precisamente para que tivera esta repercusión social.

Competencias clave que traballou o alumnado durante o proceso do PDI

- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): mediante a iniciativa da visita das familias a “Puro teatro” o alumnado tivo que deseñar un plan, mellorando a capacidade de análise, planificación, organización e xestión, tamén a capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas. Durante o proceso fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- Conciencia e expresións culturais (CCEC): ao tratarse do teatro o tema do proxecto, en todo momento se tratou de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través desta arte. Desenvolouse a iniciativa, a imaxinación e a creatividade. O alumnado foi quen de utilizar distintas técnicas teatrais na representación das súas obras, valorou a liberdade de expresión e sobre todo, mostrou interese, aprecio, respecto, desfrute e valoración crítica das obras d@s compañeir@s.

Como organizamos a visita?

Invitación a "PURO TEATRO"



Venres 14 de xuño ás 10 da mañá

Estimadas familias:

O **venres 14 de xuño ás 10 da mañá**, no colexio de Meaño, todos imos actuar.

Levamos todo o curso investigando e traballando sobre o teatro: "Tamara Chubarovsky", "Mimo", "Os oficios no teatro", "Títeres do mundo", "Un conto...Pura maxia... Puro teatro", "Os musicais", "Historia do teatro", "Paula Carballeira en teatro negro", "Shakespeare"... O venres 14 mostraremos os nosos proxectos e representaremos obras de teatro. Ademais, todo será guiado polos actores e actrices da clase de 6º.

Como novidade, este curso gustaríanos que as familias escollerades a vosa ruta. Para elo ofrecemos **3 opcións**:

Ruta 1: Visita completa (Infantil + Primaria) Duración aproximada: 1h 30 min.

Ruta 2: Visita a Primaria. Duración aproximada: 1 h.

Ruta 3: Visita a Infantil. Duración aproximada: 30 min.

Por favor, pedimos que apuntedes o número da ruta escollida e número de persoas da familia que realizades a reserva. Despois, recortade pola liña de puntos e enviade pol@ vos@ fill@ maior. **Deberase entregar a reserva antes do martes 11** (último día).

Queremos lembrar a importancia de estar en silencio e sen interrompir durante as actuacións e exposicións orais.

Animádevos a vir a "Puro teatro". Será moi divertido! Moitas grazas!

*Deseño e texto da invitación elaborado polo alumnado de 1º de Primaria.







Nome e curso dos alumn@s:

.....
.....
.....

Número de familiares que asistiremos ao evento:

Escollemos a ruta número:



PURO TEATRO: Horarios de visitas por sala

BENVIDA EN BIBLIO	10:02	10:06	10:10	10:15
TAMARA CHUBAROVSKY	10:13	10:32		
MIMO	10:06	10:20		
OS OFICIOS NO TEATRO	10:20	10:40		
TÍTERES DO MUNDO	10:15	10:35	11:00	
UN CONTO... PURA MAXIA... PU- RO TEATRO	10:27	10:48	11:12	
MUSICAL DE CIRCO	10:15	10:45	11:10	
HISTORIA DO TEATRO	10:25	10:55	11:20	
PAULA EN TEATRO NEGRO	10:38	11:08	11:32	
REI LEAR	10:27	10:55	11:00	11:23
SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN	10:10	10:29	10:53	11:22
ROMEO E XULIETA	10:40	10:48	11:05	11:18

Rota 1
Infantil + Primaria

Rota 2
Primaria

Rota 3
Primaria

Rota 4
Infantil

e chegou
o gran
día...









[Enlace ao
vídeo resumo](#)



Facebook: CEIP As Covas-Meaño

Instagram: CEIP As Covas-Meaño

Web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmeanhoascovas/>

magia@ceipascovas.com



CEIP AS COVAS MEAÑO

Moitas grazas

Bibliotecas
escolares
de Galicia

